



CAMPIONATO DE GALICIA DE AUTOCROSS-RALLYCROSS 2019

FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE

AON
Empower Results®

HDI
AIG

DEPORTE
GALEGO
galicia
XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

REGULAMENTO PARTICULAR



PROBA: XII AUTOCROSS DE CARBALLO

CIRCUITO MUNICIPAL DE CARBALLO
PROVINCIA: A CORUÑA
DATA: 28.09.2019



Artigo 1.- ORGANIZACIÓN:

A Escudería Mais Motor organiza o XII Autocross de Carballo que se desenrolará o día 28 de Setembro do ano 2019.

Esta proba de Autocross-Rallycross disputarase dacordo co establecido nas prescricións comúns ós Campionatos e Copas de Galicia 2019, o regulamento xeral do Campionato de Autocross, e o presente regulamento particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día 21-08-2019. A proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número GA-031-AU.

Artigo 2.- VEHÍCULOS ADMITIDOS.

2.1. Clase I. Vehículos de turismo, homologados e non homologados, ou con homologación caducada, cunha cilindrada ata 1.600 c.c., de estricta serie, e conforme co Regulamento Técnico do Campionato de Galicia de Autocross.

MODIFICACIÓNS AUTORIZADAS	MODIFICACIÓNS NON AUTORIZADAS
<ul style="list-style-type: none">.- Pódese anular o catalizador..- Baleirado do interior do vehículo (só tapizado do teito, portas, interiores, agás o cadro e reloxos orixinais)..- Asento tipo baquet homologado..- Cinto tipo arnés homologado..- Barras de seguridade homologadas..- Volante de competición homologado..- Os faros pódense quitar e anular, así como os intermitentes (dianteiros e traseiros), tapando os ocos..- Pezas de recambio VO, orixinais ou de competencia, pero que figuren no tarifario de recambios do constructor..- Autorízase a monta dun cubrecarter de protección..- Instalación obrigatoria de calquera equipo de extinción (tipo A, B, ou C) dos admitidos no Anuario da F.G. de A..- Os vehículos deben ser modelos pechados con teito ríxido e non convertibles calquera modificación ten que ser consultada, e autorizada ou rexeitada, por escrito á Comisión Técnica da Federación Galega de Automobilismo..- Autorízase a substitución das zoas acristaladas por policarbonato, agás o parabrisas que ten que ser laminado..- Calquera cousa realizada no vehículo e non autorizada por escrito está prohibida.	<ul style="list-style-type: none">.- Vehículos de estricta serie..- Cilindrada ata 1600 c.c..- Cadro de reloxos e salpicadeiro de orixe..- Sen crabox..- Sen autolocante..- Lamias de 14 pulgadas máximo..- Pneumáticos Pirelli de medida 165/70 R14 TLST T6..- Amortiguadores de serie (V.O.) do fabricante..- Motor de caixa do fabricante..- Freo de man hidráulico..- Bomba e depósito da gasolina..- Instalación eléctrica de serie..- As partes metálicas interiores dos capots, de orixe, sen recortar..- As portas de orixe, sen recortar as chapas interiores..- Quickshift non se pode montar..- A batería no sitio orixinal..- Silencioso enteiro de serie, agás o último que se autoriza a substituílo por tubo recto..- Defensas de serie..- Prohibido reforzos frontais do chasis, copelas, etc..- Cableado que vai para as luces de atrás para que funcione a de po..- Non se autoriza a participación de vehículos de tracción traseira.

2.2. Clase II.

Vehículos de turismo, homologados e non homologados, ou con homologación caducada, cunha cilindrada de menos e de máis de 1.600 c.c. vehículos de tracción dianteira, sen límite de cilindrada, con crabox, con autolocante e co motor preparado, conformes co Regulamento Técnico do Campionato de Galicia de Autocross. Os vehículos deben ser modelos pechados con teito ríxido e non convertibles. Instalación obrigatoria de calquera equipo de extinción (tipo A, B, ou C) dos admitidos polo Anuario 2019.



2.3. Clase III. CARCROSS.

Vehículos monoprazas de motor traseiro, construídos e concibidos para a práctica do Autocross, de 2 rodas motrices-traseiras, e propulsados por motores atmosféricos, de catro cilindros e catro tempos, cunha cilindrada máxima de 600 c.c.

2.4. Clase IV. Grupo P.

- Supercrosscar (provintes de turismos), e 4x4 (libres, e prototipos). Os Supercrosscar, e os 4X4 non provintes das series dos fabricantes, terán que ser homologados pola Federación Galega de Automobilismo, para Autocross ou Montaña, e terán que posuír un pasaporte técnico obrigatorio. Os vehículos deberanse presentar nas verificacións nun estado impecable de chapa e pintura, e cumpri-los pesos mínimos, de 900 quilogramos os Supercrosscar, e de 1000 quilogramos tódolos 4x4, provintes de serie, e de prototipos. Instalación obrigatoria de calquera equipo de extinción (tipo A, B, ou C) dos admitidos polo Anuario 2019.

- Vehículos de turismo, homologados e non homologados, ou con homologación caducada, de dúas (tracción traseira) ou catro rodas motrices, cunha cilindrada superior a 2.000 c.c., e inferior a 4.000 c.c., incluíndo os vehículos que dispoñan de sistema de sobrealimentación que estean conformes co Regulamento Técnico do Campionato de Galicia de Autocross, e con autorización expresa da Federación Galega de Automobilismo, previa solicitude razoada.

- Para vehículos con dous motores de moto, a cilindrada máxima será de 3.800 c.c. (Atmosféricos).

- Tamén serán admitidos os Vehículos da categoría E-1, construídos seguindo as especificacións dos Art. 282 e 283 do Anexo J e concibidos para a práctica do Autocross con catro rodas motrices e aspecto exterior dun vehículo de turismo de venda comercial nos concesionarios da Unión Europea.

CARACTERÍSTICAS:

a) A cilindrada máxima será, de 4.000 c.c., ben teña un ou dous motores de coche.

b) Para vehículos equipados con dous motores de moto a súa cilindrada máxima total será de 3.000 c.c.

c) En vehículos sobrealimentados, a cilindrada nominal multiplicarase polo factor corrector 1.7.

- Tamén serán admitidos os Vehículos da categoría E-2, construídos seguindo as especificacións dos Art. 282 e 283 do Anexo J e concebidos para a práctica do Autocross con dúas rodas motrices e aspecto exterior dun vehículo de turismo de venda comercial nos concesionarios da Unión Europea. Con motor de moto, de propulsión traseira e cilindrada máxima de 1.500 c.c. situado na parte posterior.

- Tamén serán admitidos os vehículos da categoría E-3.

- Os vehículos deben ser modelos pechados con teito ríxido non convertibles.

2.5.- Os Comisarios Deportivos poderán, en calquera momento, non autoriza-la saída dun vehículo nunha proba, pola súa antigüidade, mal estado, modificacións non autorizadas ou calquera tipo de anomalía, que o seu criterio non cumpran coas medidas de seguridade esixidas.

2.6.- Un mesmo vehículo non poderá inscribirse en dúas clases na mesma proba, nin ser utilizado por dous participantes.

2.7.- Ningunha categoría será constituída de non haber 6 vehículos inscritos, coa súa incrición e seguro abonado na proba na que pretendan participar a tódolos efectos.

Artigo 3.- DESIGNACIÓN DE NÚMEROS.

3.1.- Os dez mellores clasificados de cada clase otorgaráselle o número de dorsal segundo a súa

clasificación na edición do Campionato de Galicia de Autocross 2018.



3.2.- Obrigatoriamente os números irán nas portas dianteiras e un terceiro irá no parabrisas segundo o artigo 11 do Regulamento Xeral de Autocross.

3.3.- Recoméndase que as organizacións dispoñan dos números suficientes, a maiores, para poñer nos vehículos de Car Cross e Turismos.

3.4.- A perda dun número de competición, poderá ser motivo de exclusión se non se pode identificar ben o vehículo, e sempre a criterio dos Comisarios Deportivos.

3.5.- Para pilotos que non se clasificasen na edición anterior, daráselle o número debendo cada piloto repoñer ditos números no caso de ter que substituílo por arranxos de chapa ou outras razóns, pintándoo igual ó que se lle entregou, se non, penalizaráselle coa exclusión dos Comisarios Deportivos da proba.

Artigo 4.- INSCRICIÓNS.

4.1.- **ENLACE PARA A INSCRICIÓN:**

<http://www.fga.es>

<https://forms.gle/5w1VQH1ozt7cgHZCA>

E-MAIL: escuderiamaismotor@gmail.com

4.2.- **IMPORTANTE:** Todo equipo ten que cumprimentar telemáticamente en “www.fga.es” o formulario de inscrición. A falla de calquera dos datos requiridos no formulario de inscrición suporá o refusamento da mesma.

4.3.- Establécense uns dereitos de 110€ (coeficiente 8), aceptando a publicidade do organizador e dereitos dobres non aceptando a publicidade do organizador.

4.4.- Si nunha categoría só houberse unha inscrición de 4 participantes, cunha antelación de 3 días o organizador podera comunicar á Federación a anulación da devandita modalidade.

4.5.- O prazo de admisión de inscricións pecharase 3 días antes do inicio da proba, data na que se publicará a lista de inscritos.

4.6.- As inscricións realizaranse obrigatoriamente a través da páxina web da F.G.A., co nome, nº transponder, escudería, vehículo, categoría e número se ó ten asignado para á tempada, xunto co xustificante de pago.

4.7.- O Comité de Organización resérvase o dereito de refusa-la inscrición dun concursante ou dun piloto debéndose da-los motivos. (Artigo C.D.I.).

4.8- Será obrigatorio presentar nas verificacións administrativas, as licencias, requisitos obrigatorios para a súa admisión.

4.9.- Os dereitos de inscrición poderán ser satisfeitos na entidade bancaria **CAIXA BANK** sucursal de Carballo número de **IBAN ES61 0133 6235 5342 0000 1855**.

Os dereitos de inscrición comprende o seguro garantindo a responsabilidade civil fronte a terceiros, dacordo coa regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 5.- HORARIOS DA PROBA.

21.08.2019	14:00	Apertura de inscricións	Secretaría da proba TEF: 618 631 153
25.09.2019	20:00	Peche de inscricións	
26.09.2019	13:00	Presentación oficial da proba	Concello de Carballo
	19:00	Publicación lista inscritos	www.maismotor.es
28.09.2019	09:00 a 11:00	Verific. Administrativas Clase I, II, III e IV	Circuito Municipal de Carballo
	09:15 a 11:15	Verific. Tecnicas Clase I, II, III e IV	
	11:45	Publicación lista de autorizados a toma-la saída Clase I, II, III, IV	
	12:00	Saída adestramentos libres Car Cross	
	12:15	Saída adestramentos libres - 1.600 c.c.	
	12:30	Saída adestramentos libres + 1.600 c.c.	
	12:45	Saída adestramentos libres 4x4	
	13:15	Saída adestramentos oficiais Car Cross	
	13:35	Saída adestramentos oficiais -1.600 c.c.	
	13:55	Saída adestramentos oficiais +1.600 c.c.	
	14:15	Saída adestramentos oficiais 4x4	
	15:30	Semifinais Car Cross	
	16:00	Semifinais -1.600 c.c.	
	16:30	Semifinais +1.600 c.c.	
	17:00	Semifinais 4x4	
	17:15	Final B Carcross (*)	
	17:35	Final B -1600 c.c. (*)	
	18:00	Final B +1600 c.c. (*)	
	18:20	Final Carcross	
	18:40	Final - 1.600 c.c.	
	19:00	Final + 1.600 c.c.	
	19:20	Final 4x4	
	19:30	Publicación de resultados según concluan as finais	
	Deseguido	Rolda de prensa dos vencedores das catro categorías	
Deseguido	Entrega de premios e trofeos		

Nota: Levantamento vehículos parque pechado-parque de traballo (unificados): Ós trinta minutos da publicación oficial da clasificación. Por ilo, ao deveñir en firme a mesma, **autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos**, sen ter que esperar ás entregas de premios.

(*) De non poder empeza-la Final B no horario establecido os Comisarios Deportivos poderán suspender las Finais B, pasando a disputarse directamente a Final A. Será obrigatorio que a proba se faga sen pausas intermedias. Si se celebraran máis ou menos mangas semifinais ou finais B, que as programadas no cadro horario do regulamento particular, despois dos adestramentos. Os Comisarios Deportivos publicarán no taboleiro de anuncios o novo horario e o avisarán por megafonía.

Artigo 6.- ORGANIZACIÓN DAS PROBAS.

6.1.- VERIFICACIÓN TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS.

1- Tódolos equipos deberán presentarse ao completo co seu vehículo ás verificacións técnicas e/ou administrativas-entrega de documentación.

2- Establecerase un horario tipo según o regulamento particular da cada proba e o artigo 5 deste regulamento.



3- Será obrigatorio presentar nas verificacións, as licencias de piloto, asistencia, e de escudería, requisitos obrigatorios para a súa admisión.

4- Todo competidor que se presente con atraso ás verificacións por causas de forza maior (así entendidas polos Comisarios Deportivos e sempre que o competidor ou o piloto puidese xustificar plenamente a existencia da devandita causa e que o atraso se haxa avisado antes do peche das verificacións), poderá ser verificado ata 30 minutos despois da súa hora asignada, segundo o horario previsto para a súa verificación. Neste caso será penalizado cunha multa de 100€, que será remitida integramente a Federación Galega de Automobilismo. Pasado devandito prazo non será autorizado a tómalas saída.

5- Non se admitirá a tomar a saída a aquel vehículo que non estea conforme co artigo 3 do presente Regulamento Deportivo, e co Regulamento Técnico do Campionato de Galicia de Autocross.

6- Todos os equipos deberán someterse ás verificacións técnicas requiridas durante a celebración da proba, antes, durante, ou o finalizado meeting.

7- En tódalas probas do Campionato de Galicia realizaranse verificacións sobre a pesada dos vehículos, a proposta dos Comisarios Deportivos ou do Observador da Federación Galega de Automobilismo. No Regulamento Particular deberá especificarse o espazo para a localización da báscula. En todo caso esta localización poderá variarse por acordo do Colexio de Comisarios Deportivos. A báscula oficial a utilizar será de propiedade da Federación Galega de Automobilismo. Pesos mínimos de pesaxe: Sen conductor a bordo, depósito de combustible vacío. Co aceite motor e líquido de refrixeración a nivel, depósito do limpiaparabrisas vacío. O lugar de pesaxe ten que estar comentado ou asfaltado, a nivel, non valendo o pesaxe si se fai en terra. Queda terminantemente prohibido lastrar os vehículos, con chumbo, ou con calquera outro elemento que poida mermala seguridade do piloto.

Clase I:

Ata 1400 c.c.	800 kg.
Ata 1600 c.c.	860 kg.

Clase II:

De 1400 c.c. ata 1600 c.c.	860 kg.
De 1600 c.c. ata 2000 c.c.	920 kg.
Máis de 2001 c.c.	980 kg.

Clase III: CARCROSS 310 kg.

Clase IV:

.- SCC:

Ata 1000 c.c.	480 kg.
Ata 1500 c.c.	600 kg.

.- SCC 4x4:

	1 motor	2 motores
Ata 1600 c.c.	580 kg.	780 kg.
Ata 2000 c.c.	700 kg.	900 kg.
Ata 3000 c.c. ou mais	750 kg.	950 kg.

.- TURISMOS:

Traseira:	1.100 kg.
4x4:	1.200 kg.

Vehículos sen homologación 1000 kg. (FIA, FGA, RFEA).

O peso mínimo será o establecido no regulamento aplicable segundo o grupo do vehículo (Anexo J).

8- A zona habilitada para realizarse a Verificacións Técnicas debe estar operativa desde o inicio da proba.

9- Como norma xeral, as infraccións de carácter técnico cometidas levarán consigo a anulación dos tempos conseguidos nos adestramentos, a exclusión da semifinal ou Final correspondente podendo chegar á exclusión do meeting.

6.2.- CRONOMETRAXE.

1.- O cronometraxe, grellas de saída, e contavoltas, será levado a cabo exclusivamente polo equipo oficial da Federación Galega de Automobilismo, no microbús habilitado ó efecto.

2.- A toma de tempos iniciarase no instante de darse a saída polo Director de Carreira.

3.- Calquera sistema de telemetría está prohibido.



3.1.- Radio. Todo sistema de radio-comunicación entre o conductor na pista e calquera outra entidade ou persoa está prohibido con pena de exclusión do meeting.

3.2.- Infórmase, que na tempada 2019, será obrigatorio o transponder "AMB", modelos TRANS X260 DP, "Chronelec" modelos PROTOME ELITE ou PROTOME LS, nas modalidades de Autocross nos Campionatos de Galicia da especialidade; sendo o cronometraxe oficial, co programa "Circuit Pro", fixado con remaches ou parafusos por diante do eixo dianteiro do vehículo a unha altura máxima de 60 cm con respecto á pista e como máximo a 60 cm. do bordo dianteiro do vehículo sen ningún material metálico ou de fibra de carbono entre o transponder e a pista. **Advertenza: Todo piloto que tivera o transpondedor defectuoso, en adestramentos, en carreira, sen instalar, mal instalado, ou sen cargala batería, non saíra na clasificación (baixo a súa exclusiva responsabilidade).**

4.-As quendas de adestramentos cronometraranse, volta a volta, para cada participante, e o mellor dos tempos obtidos servirá para tomar posición na grella da semifinal. No caso de empate entre dous ou mais vehículos no tempo da volta rápida, tomarase como método de desempate, a segunda volta rápida, e así sucesivamente.

5.- Si un vehículo voltea na manga de adestramentos valeralle o tempo realizado na volta anterior, non podendo continuar para rebaixa-lo obtido.

6.-A carreira darase por finalizada unha vez cumpridas as voltas estipuladas no Regulamento Particular, dando o Director de Carreira a bandeira a cadros a todo participante que pase a liña de meta. Non e necesario cruzar meta para clasificarse, se dous ou mais vehículos quedan parados na pista no transcurso da carreira, e na mesma volta, a efectos de clasificación terase en conta o orde de paso da última volta pola liña de meta, se isto ocorre na primeira volta, teríamos en conta o lugar que ocupasen na grella de saída.

6.3.- GRELLAS.

6.3.1.- As grellas de saída terán unha composición de 3-2- 3-2 a separación entre vehículos será de 6m. a 8m. entre cada liña. Non se poden colocar en paralelo no sentido lonxitudinal os vehículos.

6.3.2.- Os participantes estarán na pregrella de saída, trala saída da manga anterior, se non se personasen, trala toma da bandeira de manga anterior quedarán excluídos e o seu posto na grella non será ocupado.

6.3.3.- No caso de que algún piloto non se puidera presentar na grella de saída na Final B serán chamados os vehículos reserva sucesivos que se colocarán no derradeiro lugar da grella, non se deixaran espazos libres.

6.3.4.- No caso de avería estando colocado en grella de saída, no se poderá facer ningunha reparación no vehículo que atrase a proba e o seu posto quedará libre (agás cambiar unha roda co permiso do Director de Carreira).

6.3.5.- Nas finais, o conductor con dereito á "Pole-Position" poderá escoller lugar na primeira fila. O clasificado no segundo lugar poderá escoller unha das dúas prazas restantes. Isto será válido soamente para a primeira liña, o resto da grella colocarase coa pole no lado da primeira curva.

6.3.6.- As grellas formaranse, da seguinte forma:

- Adestramentos: por clasificación no Campionato (1ª proba por clasificación ano anterior), e as seguintes según a derradeira publicación do Campionato 2018.

- Semifinais: colocarase polos tempos obtidos nos adestramentos na orde de menor a maior.

- Final: Se só houberse unha semifinal a final formaríase na mesma orde na que rematou a semifinal. Se houberse varias semifinais a composición da grella sería:

O primeiro sería o que rematase 1º da semifinal máis rápida, o segundo o 1º da segunda semifinal máis rápida, o terceiro sería o 1º da terceira semifinal máis rápida, se existise se

non sería o 2º da semifinal mais rápida e así sucesivamente.

6.4.- SAÍDAS.

6.4.1.- Nos adestramentos darase a saída individualmente por medio dunha bandeira.

6.4.2.- Nas semifinais a luz roxa debe permanecer acesa entre 1 e 4 segundos antes de apagarse.


6.4.3.- No transcurso da proba actuarán XUÍCES DE FEITOS para xulgar as saídas falsas e as penalizacións.

6.4.4.-As saídas anunciaranse 30 segundos antes cunha pancarta en cuio interior figure unha inscrición de 30 seg., indicativos do tempo aproximado que falta para toma-la saída. 5 segundos antes mostrárase outra pancarta coa inscrición 5 seg.


6.4.5.- A saída das Semifinais e Finais darase mediante semáforo. A saída será o instante no que se apague a luz roxa, despois de ensinar a pancarta de 5 seg.

6.4.6.- Haberá saída falsa para todo vehículo que abandone a posición que lle estaba asignada, antes de apagarse a luz roxa. Neste caso o piloto infractor será advertido da súa acción mediante a presentación dunha pancarta cunha F e o seu número na pizarra. Si esta infracción se produce nunha Semifinal ou Final non se parará a carreira e o piloto será penalizado con 30 segundos, o cal se sumará ós obtidos na clasificación.

Si a saída falsa é con excesiva antelación manifesta, a penalización poderá chegar ata a exclusión a criterio dos Comisarios Deportivos. O deseño da pancarta de sinalización do aviso de saída, será o seguinte:



60 x 40 cms.



60 x 40 cms

(Poderase utilizar o anverso e o reverso da mesma para as dúas lecturas).

6.5.- BRIEFING. O organizador deberá prever un briefing a realizar despois das verificacións e antes dos adestramentos oficiais. O Director da Carreira reunirá ós participantes co fin de impartilas normas de conducción, e observacións pertinentes. Deberán asistir tódolos pilotos inscritos na proba obrigatoriamente, e con control de asinamento so pena de exclusión dos adestramentos.

6.6.- ADESTRAMENTOS.

6.6.1.- Cada serie de adestramentos terá un mínimo de 5 e un máximo de 10 vehículos na pista á vez. Clasificaranse para as Semifinais os 45 mellores tempos dos adestramentos.

6.6.2.- Os vehículos da clase I farán adestramentos entre sí, é dicir, separados da clase II.

6.6.3.- A serie parárase cando o primeiro vehículo permaneza 5 voltas sobre a pista e cruce a meta.

6.6.4.- Os Comisarios Deportivos poderán eximir da realización dos adestramentos oficiais a algún participante, se as causas xustificadas de forza maior lle impediron a realización dos mesmos, ocupando o último lugar na grella que se forme sempre e cando houberse sitio para él.

6.6.5.- Se nos adestramentos un coche voltea ou é axudado polo público ou por oficiais de pista, debidamente acreditados, considerase retirado a tódolos efectos.

6.6.6.- Non se pode parar na pista de adestramentos, se non existe avería. Si un vehículo rompese antes de finaliza-la 1ª volta de adestramento, sairá de último na semifinal.

6.6.7.- Á vista dos tempos realizados na volta rápida dos adestramentos confeccionarase unha lista de cada clase, constituída na orde de menor a maior tempo realizado.



6.7.-SEMIFINAIS. As semifinais disputaranse a 5 voltas.

6.7.1.- Se hai 15 ou menos vehículos autorizados. Realizarase unha soa semifinal.

6.7.2.- Se hai de 16 a 30 vehículos autorizados. Realizaranse dúas semifinais.

6.7.3.- Se hai de 31 a 45 vehículos autorizados. Realizaranse tres semifinais.

6.7.4.- Final B: Disputarase a 6 voltas. Se non houberse un mínimo de 20 vehículos autorizados por clase non haberá Final B (e mínimo de 6 na grella de saída) para poder celebrala. De non disputarse a Final B, os pilotos reservas deberán presentarse á grella da final, se faltase algún piloto (o seu posto será ocupado), o equipo que non se presente no seu lugar e tempo, pasara a ser último, contando os reservas. Completarase a grella con reservas ata 16 participantes.

6.8.- FINAL A. A final realizarase a un mínimo de 8 voltas e un máximo de 12 voltas (por causa de forza maior, por luminosidade, nese caso e por acordo do Colexio de Comisarios Deportivos pódese facer as finais a 5 voltas). O número máximo de vehículos clasificados será de 16.

6.8.1.- Clasificados para a Final A:

-Se hai unha soa semifinal, clasificaranse tódolos vehículos.

-Se hai dúas semifinais, clasificaranse os 8 mellores postos de cada Semifinal.

- Se hai tres Semifinais, clasificaranse os 14 mellores postos de entre as tres Semifinais, e os dous mellores da Final B.

6.8.2.- Os vehículos deberán dar entón unha volta de desaceleración ata a entrada do Parque Pechado.

6.9.- REGADURA DA PISTA. O organizador deberá prever un sistema de regadura eficaz, antes de empeza-la proba, dispoñendo como mínimo de 20.000 litros de auga. O horario de regadura así como a súa cantidade queda a criterio e responsabilidade do Director de Carreira. Recoméndase efectuar un regadío previo o día anterior á proba.

6.10.- PARQUE PECHADO.

6.10.1.- A proba non termina ata entrar no parque pechado, e na volta de deceleración non se poderá sacar o casco, cintos, abri-la porta, nin montar ningún no vehículo obrigatoriamente ata estar dentro do parque. (No caso contrario quedaría descalificado). Os vehículos averiados irán o parque pechado, si os Comisarios Deportivos ou o Director da Proba o estiman oportuno.

6.10.2.- Ata despois da publicación oficial dos resultados definitivos, non se poderá sacar o vehículo do Parque Pechado (no caso contrario quedaría descalificado), o levantamento do parque o deciden os Comisarios Deportivos, desde a publicación oficiosa haberá 30m para atender as posibles reclamacións.

6.10.3.- Para retirar-lo vehículo do Parque Pechado, será obrigatorio que sexa conducido, ben polo piloto ou por un mecánico con licencia de Asistencia en vigor expedida pola F.G.A.

Artigo 7.- PROCEDEMENTO NO CASO DE INTERRUPCIÓN DA PROBA.

- Se o primeiro participante non completou dous pasos por meta, repítese toda a carreira.

- Se o primeiro participante completou dúas voltas pero non completou mais do 60 % da carreira, darase unha nova saída coa orde do último paso pola liña de meta e sumaranse os tempos obtidas nas dúas partes.

- Se o primeiro participante completou o 60 % da carreira, darase esta por finalizada, confeccionando a clasificación polo derradeiro paso pola liña de meta.



Artigo 8.- OBRIGACIÓNS DOS PILOTOS DURANTE A PROBA.

- 1.- Os vehículos deberanse mover polos seus propios medios, quedando polo tanto prohibido empuxar o vehículo no circuíto, so pena de exclusión da proba.
 - 2.- Os participantes teñen que informar ó Director de Carreira, ó relación cos participantes, ou o Xefe de Boxes, de que non van tomar parte nunha manga, a sanción poderá chegar a exclusión da proba.
 - 3.- Estará prohibido, baixo pena de exclusión, conducir en sentido inverso ó da carreira, co traslado ó Tribunal Galego de Apelación. Só se permitirá mover un vehículo en dito sentido para retiralo dunha situación perigosa e ilo baixo a vixilancia dun oficial de proba.
 - 4.- Cortar o paso intencionadamente, a outro participante, ou calquera manobra de conducción antideportiva será penalizado coa exclusión e traslado ó Tribunal Galego de Apelación.
 - 5.- No caso de que un vehículo se saia da pista, os oficiais poderán prestar axuda ó piloto empuxando o seu vehículo para sacalo dunha situación perigosa, coa condición de que este desprazamento se límite a evacuación do vehículo da pista, e se continua en carreira será descalificado.
 - 6.- Queda prohibido ó piloto recibir axuda de terceiros, baixo pena de exclusión.
 - 7.- Os pilotos deberán mantelo cristal pechado durante a proba.
 - 8.- Queda terminantemente prohibido circular dentro da zona de parque de traballo a unha velocidade excesiva a criterio do Xefe de Parque, así como realizar probas de vehículos en calquera zona do recinto do circuíto, a excepción que o organizador prevexa un espazo a tal fin, feito que deberá figurar no Regulamento Particular. As infraccións a este artigo serán penalizadas a exclusivo criterio dos Comisarios Deportivos.
 - 9.- Cando un vehículo voltee (en adestramentos, ou nas mangas finais, os comisarios deberán volvelo a súa posición primitiva, e retiralo da pista).
 - 10.- No caso de avaría, deberán os conductores sitúa-lo seu vehículo fora da pista de maneira que a súa presenza non constitúa un obstáculo ou perigo para o resto dos participantes, debendo abandonar o mesmo, será obrigatorio co piloto antes de abandonalo vehículo ten que accionalo cortacorrientes.
 - 11.- Queda terminantemente prohibido pararse a menos de 100 m. da liña de meta, so pena de penalización o descalificación, e traslado ó Tribunal Galego de Apelación.
 - 12.- Toda acción de enchido de gasolina, ou aceite, no circuíto, estará prohibida baixo pena de exclusión.
 - 13.- A sinalización efectuarase mediante o Código de bandeiras descrito no Anexo "H" do C.D.I.
- BANDEIRA ROXA:** Presentada inmóbil e polo Director de Carreira, indica a tódolos pilotos que deben cesar inmediatamente de correr. Esta bandeira é obrigatoria en tódolos postos de control.
- BANDEIRA NEGRA:** Presentada polo Director de Carreira cunha pizarra cun número anotado, o piloto do vehículo do número indicado deberase deter no parque no seguinte paso polo mesmo, so pena de exclusión.
- BANDEIRA BRANCA E NEGRA DIVIDIDA MEDIANTE UNHA DIAGONAL EN DÚAS METADES:** Presentada polo Director de Carreira cunha pizarra cun número anotado, constitúe un aviso por conducta non deportiva ó piloto do vehículo do número indicado, so pena de exclusión.
- BANDEIRA NEGRA CON DISCO LARANXA:** Informa ó piloto do vehículo do número anotado que o seu vehículo ten problemas mecánicos susceptibles de constituír un perigo para o mesmo ou para os demais pilotos e que deberase parar no parque de traballo no próximo paso polo mesmo.
- BANDEIRA AMARELA:** Perigo. Cando se mostre bandeira amarela estará prohibido facer adiantamentos desde que se mostre ata rebasa-lo obstáculo, so pena de exclusión.
- BANDEIRA VERDE:** Pista libre.



BANDEIRA AZUL: Debe deixar paso ó vehículo que lle sigue e intenta adiantalo. O significado destas bandeiras esta explicado máis amplamente no Anexo "H" do C.D.I.

Artigo 9.- TROFEOS POR PROBA E PREMIOS FINAIS.

A tenor dos resultados finais dos Campionatos e Copas de Galicia de Autocross concederanse os seguintes premios por proba: Trofeos según coeficiente ós clasificados da final da Clase I, Clase II, Clase III e Clase IV. A entrega de trofeos podese facer o finalizar de cada clase ó termo da proba. E obrigatorio entregar unha coroa ó gañador da clase I, clase II, clase III, e clase IV. A entrega de trofeos poderase facer ó finalizala final de cada clase ó termo da proba. Os vehículos será obrigatorio levalos antes da Entrega de Premios o Parque Pechado. Entregaranse os seguintes premios en metálico recomendados pola Comision de Autocross da F.G. de A. na final de cada evento.

- 1.- Si saen 6 pilotos (Inclusive) (-1600 c.c., +1600 c.c., Car Cross, 4x4-SCC).

Inscripción 110€
Coef. 8
240€ e Trofeo
200€ e Trofeo
130€ e Trofeo
90€ e Trofeo
660 €

- 2.- Si saen 10 pilotos (Inclusive) (-1600 c.c., +1600 c.c., Car Cross, 4x4-SCC).

Inscripción 110€
Coef. 8
300€ e Trofeo
250€ e Trofeo
150€ e Trofeo
100€ e Trofeo
80€ e Trofeo
880 €

- 3.- Si saen 14 pilotos (Inclusive) (-1600 c.c., +1600 c.c., Car Cross, 4x4-SCC).

Inscripción 110€
Coef. 8
350€ e Trofeo
250€ e Trofeo
150€ e Trofeo
110€ e Trofeo
90€ e Trofeo
80€
70€
1.100 €

- 4.- Si saen 20 ou máis pilotos (-1600 c.c., +1600 c.c., Car Cross, 4x4-SCC).

Inscripción 110€
Coef. 8
425€ e Trofeo
325€ e Trofeo
225€ e Trofeo
175€ e Trofeo
120€ e Trofeo
100€
90€
80€
1.540 €

- 9.1.- Será obrigatorio que o piloto recolla o Trofeo na Entrega de Premios.



Artigo 10.- CONCURSANTES ADMITIDOS.

Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ó disposto no Anexo I do Anuario Deportivo 2019 publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 11.- ACTAS E INFORMES DA PROBA.

As actas de clasificación completas, incluíndo as mangas de adestramentos, clasificacións, finais, así como os informes dos Comisarios Técnicos, Comisarios Deportivos e Director de Carreira, deberán obrar no poder da F.G. de A., debidamente cumprimentadas, nun prazo non superior aos dous días; tamén deberán entregarse copias ó Observador da proba, ó finalizala mesma.

Artigo 12.- OFICIAS DA PROBA.

Presidente Escudería/Comité Organizador:

D. JUAN JOSE PUGA FACAL CD1ª-1436-GA.

Comisarios Deportivos:

Presidente: D. ANTONIO PEREZ CID CD1ª-0726-GA.
D. FRANCISCO JAVIER RIAÑO LUEIRO CD-0112-GA.
D. MARCO RAMOS CASTRO CD-0774-GA.

Observador da F.G. de A.:

D. BENJAMIN CASTIÑEIRAS CASTRO OBS-0009-GA.

Director da Carreira:

D. MATEO VARELA FERNANDEZ DC1ª-0288-GA.

Director Adxunto:

D. ROBERTO POMBO FERNANDEZ DC1ª-1437-GA.

Comisarios de Verificacións Administrativas:

Presidente: D. DIEGO IGLESIAS MARTÍNEZ SC-1438-GA.
DÑA. MONTSERRAT GARCIA RGUEZ SC-1435-GA.

Comisarios Técnicos:

Presidente: D. JOSE RAMON PINAL PEREZ JOC-1439-GA.
D. JORGE PINTADO CASADO OC-1229-GA.
D. JOSE ANTONIO PARDO MARTÍN OC-1230-GA.

Xefe de Boxes:

D. JOSE M. VAZQUEZ BLANCO JDA-1440-GA.

Relacións cos Participantes:

D. JOSE ANGEL GARCIA RODRIGUEZ CD-1227-GA.

Cronometradores:

D. JOSE A. PENEDO MARNOTES JOB-0822-GA.

Comisarios de Ruta:

D. MARIA BEATRIZ RODRIGUEZ LAGARES OD-1231-GA.
D. RICARDO RAMOS NOVAL OD-1232-GA.
D. RICARDO NOVAL GAREL OD-1233-GA.
D. MARTA LAGO FERNANDEZ OD-1237-GA.
D. HUGO VAZQUEZ RIADIGOS OD-1235-GA.
D. JUAN CARLOS NION CORTIZAS OD-1236-GA.
D. ANDREA LAGO FERNANDEZ OD-1238-GA.
D. ADRIAN TASENDE TASENDE OD-1234-GA.
D. MAURICIO RODRIGUEZ VARELA OD-1441-GA.
D. JUAN NOGAREDA ROSTRO OD-1442-GA.
D. DAVID TORRES FACAL OD-1443-GA.



Servicios Médicos: COCHE R TEAM MEDICAL GALICIA.

Vehículo "XEFE SEGURIDADE VIAL":

D. ROBERTO POMBO FERNANDEZ

CD1ª-1436-GA.

Don MATEO VARELA FERNANDEZ, provisto da licencia do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, con número CD1ª-0288-GA, solicito a aprobación do presente regulamento particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

Fdo: DIRECTOR DA PROBA

N.I.F.: 45860961L

Licencia DC1ª-0288-GA

SELO DO CLUB



ENTIDADE: MAIS MOTOR

Fdo. PRESIDENTE D. JUAN JOSE PUGA FACAL

C.I.F.: G70384425

Licencia CD1ª-1436-GA

Fdo: Xefe Seguridade Vial

N.I.F.: 79320027-L

Licencia CD1ª-1437-GA

CROQUIS/PLANO (SEN ESCALA) DO TRAZADO DO CIRCUÍTO LONXITUDE CIRCUÍTO.
LONXITUDE CIRCUÍTO: 950 metros





ANEXO I

RALLYES, RALLYMIX, MONTAÑA, AUTOCROSS-RALLYCROSS, KARTING, SLALOM, TRIAL 4x4, CONCENTRACIONES E RUTAS:

1.- Por acordo Asembleario é normativa de obrigado cumprimento para os Campionatos e Copas de Galicia de Automobilismo, na tempada do 2019 e seguintes: Unicamente se poderá participar/puntuar coa "**Licencia Autónoma Única**", expedidas polas Federacións Autónomas de Automobilismo, e coa expedida pola F.P.A.K.

2.- A vista de que varias federacións infrinxen a obrigatoriedade de ser titular (piloto) dun **permiso de conducción** como modo de verificar que o conductor ten os requisitos de capacidade, coñecementos, e habilidade necesarios para a conducción dun vehículo, que establece o artigo 61 da **Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial**. Por todo elo a Federación Galega de Automobilismo **prohibe a participación de pilotos que non estean en posesión dun permiso de conducción**, expedido pola D.G.T. ou similar doutro país, para poder conducir un vehículo de competición en vía pública, con ou sen proba deportiva, aínda que estean en posesión dunha licenza federativa. Os maiores de 16 anos e menores de 18 anos só poden participar, estando en posesión de licenza federativa de piloto, en circuitos pechados (circuíto de velocidade, circuíto de autocross, ou circuíto de karting).

3.- Por acordo Asembleario, de 13 de xaneiro de 2007, a solicitude de calquera tipo de licenza da F.G. de A. (Organizativa ou Participativa), implicará a cesión de forma expresa nas competicións oficiais, da "Federación Galega de Automobilismo", a todo dereito de imaxe, que en todo caso deben considerarse cedidos á "Federación Galega de Automobilismo" para a súa venta, promoción, e difusión pública do Automobilismo Deportivo de Galicia.

4.- Para garantir a responsabilidade a que houbere lugar da Escudería organizadora, e do participante, e cubrir os danos que se puideran ocasionar nos labores de asistencia, a Xunta Directiva-Comisión Delega aprobou a seguinte normativa de obrigado cumprimento que estará vixente a partir da tempada 2019, inclusive, para as modalidades de Rallyes, Montaña, RallyMix, Autocross, Karting, Trial 4x4, Concentracións, Rallyes 2ª Categoría, Slalom, e demais eventos a celebrar en Galicia:

A.- Para cumprimentalas follas das inscricións terase que indicalo nome, apelidos, e número da licenza do membro que faga as labores de asistencia.

B.- O licenciado que se designe como asistencia, de cada participante, non pode desempeñar a mesma función de asistencia para outro participante na mesma proba.

C.- Todo participante que non sinala na folla de inscrición o nome, apelidos, e licenza da súa asistencia, nos termos antes establecidos será penalizado no inicio das probas, nos Campionatos antes mencionados, coa non autorización a tomala saída.

4.- Tódolos Campionatos, Copas de Galicia, e Fórmulas de Promoción, a partir da tempada 2019, inclusive, serán considerados "**OPEN**", agás a PXP 19 Junior.

ACORDO XUNTA DIRECTIVA-COMISIÓN DELEGADA-ASEMBLEA. Que na reunión extraordinaria da "Xunta Directiva/Comisión Delegada da Federación Galega de Automobilismo" adoptáronse os seguintes acordos por unanimidade:

1-Ratifícase o acordo adoptado polos 17 presidentes de Federacións Autónomas de Automobilismo, adoptado na sede do C.S.D. na mañán do 12 de Outubro de 2015.

2-Ratifícase o acordo de Asemblea da R.F.E. de A., celebrada no salón de actos do C.S.D., o día 12/10/15, sobre o prezo unificado e igual que terá que imperar en todas as expedicións da "Licencia Autónoma Única" polas 17 Federacións Autónomas. **Non serán admitidas a participar, nos Campionatos de Galicia 2019, as "Licencias Autónomas Exclusivas" expedidas polas Federacións Autónomas, que se contraponen ó acordo Asembleario da RFEDA, de 12/10/15, que teñen e fan de competencia desleal coas "Licencias Autónomas Únicas". (Únicas legais para participar en probas en Galicia).**

3-Na reunión extraordinaria de Xunta Directiva/Comisión Delegada da "Federación Galega de Automobilismo", adoptouse de forma unánime o establecemento de que todos os Campionatos de Automobilismo de Galicia, na temporada 2019, sexan considerados "Open".Asimesmo dito organismo acordou establecer unha inscrición obrigatoria os Campionatos para todos aqueles equipos e deportistas que ostenten licenza federativa expedida **por calquera Federación Autónoma que incumpra o acordo adoptado do prezo unitario das licencias, acordado e asinado, o pasado 12 de outubro de 2015 no C.S.D.**

4-O prezo de inscrición, para participar nos Campionatos de Galicia de Automobilismo 2019, dos titulares de licencias expedidas polas Federacións Autónomas que non cumplan o acordo de unificación do prezo de licencias **estabécese en 190 euros** a abonar a F.G. de A. antes da proba.

5-As licencias estatais da veciña Portugal serán válidas para participar nos Campionatos de Galicia de Automobilismo sen ningún tipo de restrición.

6-Dito acordo será incluído no Anexo I do Anuario federativo, da "Federación Galega de Automobilismo" 2019, e será comunicado a tódalas Federacións Autónomas de Automobilismo do Estado español, así como a RFEDA.

7-Con esta medida preténdese evitar e correxir a competencia desleal do incumplimento que puidera derivarse do acordo de prezos de licencias distintos ou inferiores do adoptado no acordo unánime dos presidentes de Federacións Autónomas e Estatal.

8-Asimesmo, e como se puxo de manifesto na Asemblea da "Real Federación Española de Automobilismo", **non serán expedidas nen admitidas**, nen forman parte da regulamentación deportiva da "Federación Galega de Automobilismo", as licencias (ER, COR, PPP, PPC, JOM, PPK), que non serán expedidas, **nen poden ser aceptadas para participar en competicións oficiais que se celebren en Galicia**, posto que, tratándose de Licencias que otorgan dereitos restrinxidos a deportistas, oficiais, etc., e que non permiten a súa integración plena na "Federación Galega de Automobilismo", incumpren o disposto na Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia. A mencionada Lei 3/2012 establece no seu Artigo 28, en canto a expedición e contido das licencias, no seu apartado terceiro, que no caso das licencias federativas, éstas otorgarán o seu titular a condición de membro da correspondente Federación Deportiva Galega, que o habilita para participar nas súas actividades deportivas e competicións, e acredita a súa integración na Federación Deportiva correspondente, con dereito a voto, e ser elixible nos procesos electorais da "Federación Galega de Automobilismo". As licenzas que esta Federación non pode expedir, por aplicación legal, impiden que os seus titulares se integren, con plenos dereitos, na "Federación Galega de Automobilismo".